



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 4 de maio de 2022**.

- ⑩ Apróbase a acta da sesión anterior, celebrada o día 27 de abril de 2022.
- ⑩ Dáse conta da resolución de 22/04/22 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de concesión de axudas en materia de centros museísticos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ⑩ Dáse conta da resolución da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, de 21/04/22 pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2021, de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos.
- ⑩ Dáse conta da resolución da Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) de 26 de abril de 2022 de modificación dos prazos de execución e xustificación das subvencións para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia, cofinanciada co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.
- ⑩ Acórdase a corrección de erro material no importe total da axuda solicitada á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, ao abeiro das subvencións a para a promoción do uso da lingua galega, na modalidade de "Desenvolvemento de dinamización lingüística dunha entidade local carente de servizo lingüístico".
- ⑩ Dáse conta da Resolución da Axencia Galega de Industrias Culturais do 21 de abril de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións para ampliar e diversificar a oferta cultural en áreas non urbanas Territorio Cultura ao abeiro dos fondos de NextGenerationEU e o Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento (UE) 2021/241 e se convocan para o ano 2022.
- ⑩ Dáse conta do Extracto da Orde de 25 de marzo de 2022, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, BOP 4/05/2022, pola que se convocan subvencións para a financiación de proxectos promovidos por entidades locais para a innovación territorial e a reactivación da actividade socioeconómica e a loita contra a despoboación durante o exercizo 2022.
- ⑩ Rogos e preguntas.- Non se formulan

Documento con sinatura electrónica

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000BA75F001P7D6D8F6R1 en https://sede.concellodeamarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2022SE001-055
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 04/05/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES -	Fecha: 27/04/2022 Hora: 12:54 Und. reg: REGISTRO GENERAL